

GUÍA DOCENTE

CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE

**ADGG0408 OPERACIÓNS AUXILIARES DE SERVIZOS
ADMINISTRATIVOS E XERAIS**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E PLANIFICACIÓN DA AVALIACIÓN	4
3. SISTEMA DE AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DA APRENDIZAXE	28
3.1 Instrucións para a elaboración dos instrumentos de avaliación	30
4. INSTRUCIÓN PARA O ENCHEMENTO DOS DOCUMENTOS	31
5. REXISTRO DOS RESULTADOS	33
6. FUNCIÓN DOS/DAS FORMADORES/AS	35

1. INTRODUCCIÓN

Un **Certificado de Profesionalidade** é un documento que permite acreditar a un/a traballador/a en unha cualificación profesional do Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais (CNCP); por tanto, certifica as competencias profesionais que ten o individuo para o desenvolvemento dunha actividade laboral.

Este documento é emitido polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ou polas Comunidades Autónomas e ten validez a nivel nacional.


Posuír un Certificado de Profesionalidade supón o incremento do currículo profesional, debido a que é un documento de carácter oficial que se valora en calquera proceso de selección convocado polas Administracións Públicas e acredita profesionalmente ante as empresas privadas.

Esta formación está regulada polo RD 34/2008, do 18 de xaneiro, modificado polo RD 189/2013 do 15 de marzo e desenvolvida na Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

Os certificados obtéñense, por unha banda, tras superar todos os módulos formativos que o integran e, por outra, mediante os procedementos para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, segundo indícase no RD 1224/2009, do 17 de xullo.

Dita titulación é expedida directamente desde a Administración laboral competente mediante a presentación a probas para acreditar competencias laborais polo RD marcado anteriormente ou ben, pola realización de formación asociada aos mesmos a través do ficheiro de especialidades formativas que poden impartirse nos centros de formación acreditados polos servizos de emprego correspondentes.

PROCESO DE OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDAD



2. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E PLANIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

O certificado de profesionalidade **ADGG0408 Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais** de 430 horas de duración, ten como competencia xeral *“Distribuir, reproducir e transmitir a información e documentación requeridas nas tarefas administrativas e de xestión, internas e externas, así coma realizar trámites elementais de verificación de datos e documentos a requerimento de técnicos de nivel superior con eficacia, dacuerdo con instrucións o procedementos establecidos”*.

O desenvolvemento da acción formativa estrutúrase da seguinte maneira:

Módulo formativo	Unidade formativa	Unidades didácticas
MF0969_1 Técnicas administrativas básicas de oficina	UF0517 Organización empresarial e de recursos humanos	<ul style="list-style-type: none"> -A organización de entidades públicas e privadas -A organización dos recursos humanos
	UF0518 Xestión auxiliar da correspondencia e paquetería na empresa	<ul style="list-style-type: none"> - Tratamento da correspondencia e paquetería interna e externa
	UF0519 Xestión auxiliar de documentación económico-administrativa e comercial	<ul style="list-style-type: none"> - Xestión auxiliar de documentación administrativa básica - Xestión básica de tesourería - Xestión e control básico de existencias
MF0970_1 Operacións básicas de comunicación	UF0520 Comunicación nas relacións profesionais	<ul style="list-style-type: none"> - Procesos e técnicas de comunicación en situacións profesionais de recepción e transmisión de información - Pautas de comportamento asertivo en situación de traballo - Os conflitos con persoas internas ou externas da empresa
	UF0521 Comunicación oral e escrita na empresa	<ul style="list-style-type: none"> - A comunicación oral - A comunicación escrita - Aplicacións e medios informáticos que interveñen na xestión da comunicación empresarial
MF0971_1 Reproducción y archivo	UF0513 Xestión auxiliar de arquivo en soporte convencional ou informático	<ul style="list-style-type: none"> - Sistemas operativos habituais. - Arquivo e clasificación de documentación administrativa - Base de datos. - Inserción de datos en táboas. - Consultas de selección. - Formularios e informes.
	UF0514 Xestión auxiliar de reprodución en soporte convencional ou informático	<ul style="list-style-type: none"> - Reprodución en equipos de reprografía - Operacións de encadernación funcional de documentos.

As capacidades e criterios de avaliación marcados no RD 645/2011, de 9 de maio, polo que se regula o certificado de profesionalidade, enmárcanse dentro das unidades didácticas tal e como se detalla a continuación:

MF0969_1 Técnicas administrativas básicas de oficina	
UNIDADE FORMATIVA	UF0517 Organización empresarial e de recursos humanos
Capacidades e Criterios de Evaluación	Unidades didácticas
<p>C1: Representar as funcións básicas e os fluxos de información fundamentais en estruturas organizativas públicas ou privadas determinadas, a través de organigramas.</p> <p>CE1.1 Recoñecer as funcións fundamentais desenvolvidas en organizacións e entidades concretas, públicas ou privadas.</p> <p>CE1.2 Definir o concepto de departamento e os criterios máis usuais utilizados na departamentalización de organizacións e institucións privadas determinadas.</p> <p>CE1.3 Identificar a información básica xerada no desenvolvemento das funcións fundamentais de organizacións concretas, especificando o seu recorrido ou fluxo entre departamentos e, no seu caso, desde ou cara ao exterior.</p> <p>CE1.4 Diferenciar entre organización formal e informal.</p> <p>CE1.5 Precisar os elementos básicos da organización do Estado: Administración Central, Autonómica e Local, así como da Unión Europea.</p> <p>CE1.6 Definir a función do organigrama como instrumento de representación gráfica de estruturas organizativas.</p> <p>CE1.7 Distinguir os tipos básicos de organigramas en función da súa utilidade para representar aspectos organizativos concretos.</p> <p>CE1.8 En casos prácticos de simulación, convenientemente caracterizados, nos que se propoñen actividades sinxelas desenvolvidas en estruturas organizativas concretas:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Relacionar as actividades propostas coas funcións básicas que desenvolven. -Identificar os departamentos máis representativos segundo as funcións relacionadas. -Especificación dos fluxos de información entre os distintos departamentos propostos. -Describir os departamentos e os diferentes fluxos de información identificados nun organigrama sinxelo. 	<p>1. A organización de entidades públicas e privadas</p> <ul style="list-style-type: none"> -Funcións das empresas: <ul style="list-style-type: none"> -Clases. -Xerarquía. -A función administrativa: <ul style="list-style-type: none"> -Definición. -Obxectivos. -A estrutura da empresa: <ul style="list-style-type: none"> -Concepto de organización. -Principios de organización. -A organización formal e informal. -Os departamentos: <ul style="list-style-type: none"> -Descrición. -Tipoloxía. -Criterios para a asignación de actividades aos departamentos. -O organigrama: <ul style="list-style-type: none"> -Descrición. -Obxectivos. -Requisitos. -Clases. -Vantaxes e inconvenientes. -Organización do contorno físico do espazo de acollida. <ul style="list-style-type: none"> -Condicións ambientais. -Disposición e tipos de materiais auxiliares. -Mobiliario. -Organización básica do Estado e a Unión Europea: <ul style="list-style-type: none"> -Administración Central. -Administración Autonómica. -Administración Local. -Unión Europea.
<p>C2: Identificar os criterios de actuación profesional que permiten a integración e cooperación das actividades de apoio administrativo nun grupo de traballo ou departamento, contribuíndo a crear un clima de traballo produtivo, de acordo cunha ética</p>	<p>2. A organización dos recursos humanos</p> <ul style="list-style-type: none"> -A organización en actividades de apoio administrativo. <ul style="list-style-type: none"> -Criterios de organización e coordinación.

MF0969_1 Técnicas administrativas básicas de oficina	
UNIDADE FORMATIVA	UF0517 Organización empresarial e de recursos humanos
Capacidades e Criterios de Evaluación	Unidades didácticas
<p>persoal e profesional definida.</p> <p>CE2.1 Describir os elementos fundamentais que caracterizan un grupo de traballo de apoio administrativo tipo.</p> <p>CE2.2 Explicar as fases de desenvolvemento dun grupo de traballo de apoio administrativo tipo, e os factores que poden modificar a súa dinámica, identificando como pode afectar a incorporación dun novo membro ao grupo.</p> <p>CE2.3 Describir as principais funcións que se teñen que desempeñar en grupos de traballo apoio administrativo tipo, especificando as relacións funcionais e xerárquicas que conlevan, así como as relacións con outros grupos de traballo.</p> <p>CE2.4 Definir en que consiste un traballo en equipo, o espírito de equipo e a sinerxia, identificando as posibles estratexias ou variantes nas formas de traballo.</p> <p>CE2.5 Xustificar os valores ético-persoais que determinan a profesionalidade, así como a súa importancia na integración e participación activa nun equipo de traballo de apoio administrativo tipo.</p> <p>CE2.6 Explicar o significado dos procesos de calidade nunha organización e a súa relación coa actuación profesional nas actividades de apoio administrativo, identificando que criterios ou indicadores afectan á propia actuación profesional.</p> <p>CE2.7 En casos prácticos de simulación convenientemente caracterizados, nos que se propoñen roles determinados, instrucións concretas e diferentes pautas de traballo dadas por un coordinador dun grupo de traballo que realice actividades de apoio administrativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Especificar o obxectivo fundamental das instrucións de traballo. -Identificar as actividades de apoio administrativo a realizar por cada membro do grupo de traballo. -Identificar as pautas de coordinación definidas e as persoas con quen hai que coordinarse para realizar as tarefas de apoio administrativo asignadas. -Precisar o grao de autonomía para a súa realización. -Precisar os resultados que se teñen que obter. -Quen, como e cando debe controlar o cumprimento das instrucións. -Describir os criterios de calidade que 	<ul style="list-style-type: none"> -Procedementos de traballo. -Indicadores de calidade da organización. -Pautas para a obtención de resultados. -Os grupos. -Elementos. -Estrutura. -Clasificación. -Fases e comportamento do traballo en equipo ou en grupo. -A identificación do grupo: o ideal do grupo. -As normas do grupo. -Os papeis no grupo. -O poder e a cohesión do grupo. -Vantaxes e inconvenientes do traballo en equipo. -Finalidade das técnicas de dinámica de grupos. -Factores que modifican a dinámica de grupo. -Funcións do coordinador do grupo: nivel de tarefa e de relación. -O traballo en grupo en actividades de apoio administrativo. -Características dun grupo de traballo de apoio administrativo tipo. -Funcións nun grupo de traballo de apoio administrativo tipo. -Grao de participación.

MF0969_1 Técnicas administrativas básicas de oficina	
UNIDADE FORMATIVA	UF0517 Organización empresarial e de recursos humanos
Capacidades e Criterios de Evaluación	Unidades didácticas
<p>teñen que guiar a actuación profesional nas actividades de apoio administrativo.</p> <p>–Identificar, a través da actuación nas simulacións, os valores éticos persoais e profesionais que se teñen evidenciado.</p> <p>CE2.8 En casos prácticos, a través de simulacións e “rol-playing”, convenientemente caracterizados, nos que se parte dun grupo de traballo de apoio administrativo tipo, xa funcionando, cuns obxectivos e roles determinados, cun coordinador:</p> <p>–Identificar os roles que desempeña cada membro do grupo.</p> <p>–Especificar as actividades de apoio administrativo que requiren da colaboración doutros y que procedementos hai que seguir para iso.</p> <p>–Especificar os criterios de calidade do traballo de apoio administrativo a realizar.</p> <p>–Describir que pautas de actuación persoal son fundamentais para integrarse nun grupo de traballo de apoio administrativo tipo, en canto á actitude persoal cara ao traballo e cara ao resto dos membros.</p> <p>–Identificar, a través da actuación nas simulacións, os valores éticos persoais e profesionais que se evidenciaron.</p>	

MF0969_1 Técnicas administrativas básicas de oficina	
UNIDADE FORMATIVA	UF0518: Xestión auxiliar de la correspondencia y paquetería en la empresa
Capacidades e Criterios de avaliación	Unidades didácticas
<p>C1: Aplicar técnicas básicas de recepción, clasificación e distribución de paquetería e de correo convencional e telemático.</p> <p>CE1.1 Distinguir os tipos fundamentais de comunicacións escritas, internas e externas, utilizadas habitualmente en organizacións e institucións determinadas, especificando a súa función e elementos básicos.</p> <p>CE1.2 Identificar os distintos medios para realizar o envío da correspondencia e paquetería, determinando o seu custo e tempo de envío.</p> <p>CE1.3 Identificar os elementos significativos e relevantes para o rexistro de correspondencia e paquetería tanto recibida como expedida.</p> <p>CE1.4 Explicar os criterios e procedementos fundamentais utilizados para o arquivo de comunicacións escritas e correspondencia.</p> <p>CE1.5 Aplicar o procedemento e os medios máis adecuados para a embalaxe ou empaquetado de documentación e artigos ou produtos específicos.</p> <p>CE1.6 Identificar os requisitos básicos esixidos no envío de correspondencia e paquetería mediante correo convencional.</p> <p>CE1.7 Describir as funcións e procedementos básicos relativos aos medios telemáticos utilizados na recepción, distribución e arquivo de comunicacións internas e externas.</p> <p>CE1.8 Identificar a normativa legal de seguridade e confidencialidade na manipulación da correspondencia e paquetería.</p> <p>CE1.9 En casos prácticos de simulación, convenientemente caracterizados, nos que se propoñen comunicacións escritas internas e/ou externas:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Definir con precisión o destinatario, e os medios e procedementos para a súa distribución, nas comunicacións internas e na correspondencia recibida do exterior. -Aplicar os medios, tarifas e procedementos de envío na correspondencia emitida ao exterior. -Operar adecuadamente con medios telemáticos –fax, correo electrónico, outros–, no seu caso, para recibir, rexistrar, distribuír e archivar comunicacións escritas e correspondencia. -Clasificar as comunicacións en función do 	<p>1. Tratamiento da correspondencia e paquetería interna e externa</p> <ul style="list-style-type: none"> -A comunicación escrita en empresas públicas e privadas. -Funcións. -Elementos. -Tipos: cartas comerciais e documentos administrativos. -A correcta expresión dos textos escritos. -Xestión da recepción da correspondencia. -Selección e clasificación. -Rexistro. -Distribución. -Preparación da correspondencia. -Persoas que a elaboran. -Número de copias. -Firma da correspondencia. -Embalaxe e empaquetado de documentación e produtos. -Medios. -Materiais. -Procedementos. -Xestión da saída da correspondencia. -Tarefas antes de proceder ao envío. -Libro Rexistro de Saída. -Medios utilizados no envío de correspondencia e paquetería: -Servizo de correos. -Mensaxaría. -Telefax. -O correo electrónico: función, elementos e vantaxes e inconvenientes. -O envío da correspondencia. -Produtos e servizos que ofrece correos. -Formas en que pode facerse o envío. -Tarifas e tempo no envío de correspondencia. -Normativa legal de seguridade e confidencialidade. -O arquivo de comunicacións escritas e correspondencia. -Proceso de arquivo. -Control de arquivo. -Sistema de clasificación dos documentos. -Internet como medio de comunicación. -Definición da Internet. -A páxina web. -Os portais. -Transferencia de ficheiros. -Recepción e envío de comunicacións a

MF0969_1 Técnicas administrativas básicas de oficina	
UNIDADE FORMATIVA	UF0518: Xestión auxiliar de la correspondencia y paquetería en la empresa
Capacidades e Criterios de avaliación	Unidades didácticas
<p>seu emisor, receptor e asunto.</p> <p>–Rexistrar e archivar adecuadamente de forma convencional comunicacións e/ou correspondencia.</p> <p>CE1.10 En casos prácticos de simulación, convenientemente caracterizados, nos que se propoñen o envío de paquetería determinada:</p> <p>–Embalar ou empaquetar adecuadamente a documentación e/ou os artigos entregados.</p> <p>–Aplicar as tarifas e procedementos de envío.</p>	<p>través de e-mail.</p>

MF0969_1 Técnicas administrativas básicas de oficina	
UNIDADE FORMATIVA	UF0519: Xestión auxiliar de documentación económico-administrativa e comercial
Capacidades e Criterios de avaliación	Unidades didácticas
<p>C1: Aplicar as técnicas de rexistro e clasificación da documentación administrativa básica, especificando a súa función, elementos e requisitos fundamentais, a través de aplicacións informáticas adecuadas.</p> <p>CE1.1 Explicar os métodos e procedementos de rexistro de documentación administrativa máis habituais.</p> <p>CE1.2 Diferenciar os campos de información fundamentais dos rexistros correspondentes a arquivos ou ficheiros de clientes, provedores, produtos e empregados segundo a súa función.</p> <p>CE1.3 Distinguir a información fundamental que debe incluír un pedido de bens ou servizos relacionándoa cos campos de información dos rexistros de produtos, clientes e/ou provedores.</p> <p>CE1.4 Describir a normativa básica que regula a elaboración da documentación comercial e administrativa máis habitual.</p> <p>CE1.5 Explicar os elementos e requisitos fundamentais dos albarás, notas de entrega</p>	<p>1. Xestión auxiliar de documentación administrativa básica</p> <p>–Os documentos administrativos en entidades públicas e privadas.</p> <p>-Elementos.</p> <p>-Funcións.</p> <p>-Características.</p> <p>-Clasificación.</p> <p>-Métodos de rexistro.</p> <p>-Normativa básica para a súa elaboración.</p> <p>–Documentos administrativos na xestión da compravenda:</p> <p>-O pedido: elementos, requisitos, clases, emisión, recepción e control.</p> <p>-O albará ou nota de entrega: elementos, requisitos, emisión e verificación.</p> <p>-A factura: elementos, requisitos, emisión, verificación e rectificación.</p> <p>-O recibo: concepto, partes e domiciliación bancaria.</p> <p>–Documentos administrativos na xestión produtiva e de persoal:</p>

MF0969_1 Técnicas administrativas básicas de oficina	
UNIDADE FORMATIVA	UF0519: Xestión auxiliar de documentación económico-administrativa e comercial
Capacidades e Criterios de avaliación	Unidades didácticas
<p>e facturas, relacionándoos cos campos de información dos rexistros de produtos, clientes e/ou provedores.</p> <p>CE1.6 Distinguir o modelo, os apartados e datos básicos dunha nómina sinxela.</p> <p>CE1.7 Precisar as funcións básicas de aplicacións informáticas de facturación e de xestión de clientes e provedores.</p> <p>CE1.8 En casos prácticos de simulación, convenientemente caracterizados, nos que se proporciona documentación administrativa básica de operacións comerciais sinxelas:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprobar que existe correspondencia entre a información proporcionada polos pedidos, albarás, facturas e medios de pago, propoñendo, no seu caso, as correccións que procedan. -Clasificar os documentos en función da información proporcionada polos campos significativos. -Actualizar os arquivos convencionais de clientes, provedores e produtos coa información incluída nos documentos proporcionados. -Rexistrar os documentos proporcionados en arquivos convencionais. -Actualizar e rexistrar a información proporcionada polos documentos propostos utilizando as funcións básicas de aplicacións informáticas de almacén, facturación e xestión de clientes e provedores. <p>CE1.9 En casos prácticos de simulación, convenientemente caracterizados, nos que se proporcionan nóminas sinxelas e os correspondentes medios de pago:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Distinguir a información relevante proporcionada polas nóminas propostas. -Comprobar que existe correspondencia entre a información proporcionada polas nóminas e os medios de pago propoñendo, no seu caso, as correccións que procedan. -Actualizar o arquivo de empregados cos datos proporcionados polas nóminas. -Rexistrar as nóminas proporcionadas. <p>C2: Operar con medios de pago básicos, identificando os requisitos fundamentais dos xustificantes das operacións, os emisores e receptores, e os importes e cálculos necesarios.</p> <p>CE2.1 Distinguir a función, os elementos e os requisitos básicos dos medios de pago</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Ordes de traballo. -A nómina: compoñentes e rexistro. <p>-Outros documentos administrativos e empresariais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Instancias. -Certificados. -Actas. -Informes. -Memorias. <p>-Operacións informáticas de facturación e nóminas:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Rexistro da información relativa á facturación (clientes e provedores). -Actualización da información relativa á facturación (clientes e provedores). -Rexistro da información relativa ás nóminas (persoal). -Actualización da información relativa ás nóminas (persoal). <p>2. Xestión básica de tesouraría</p> <ul style="list-style-type: none"> -Operacións básicas de cobro e pago: <ul style="list-style-type: none"> -Tipos de operacións. -Funcións. -Características. -Formas de xestión.

MF0969_1 Técnicas administrativas básicas de oficina	
UNIDADE FORMATIVA	UF0519: Xestión auxiliar de documentación económico-administrativa e comercial
Capacidades e Criterios de avaliación	Unidades didácticas
<p>máis habituais.</p> <p>CE2.2 Describir a normativa básica que regula os medios de pago máis habituais.</p> <p>CE2.3 Diferenciar as variables fundamentais que interveñen no cálculo do importe de operacións de tesouraría sinxelas.</p> <p>CE2.4 Formular os procedementos básicos para o cálculo de importes correspondentes a operacións de tesouraría sinxelas.</p> <p>CE2.5 Identificar as funcións básicas das entidades financeiras relacionándoas cos documentos e procedementos de xestión pagos e cobros máis habituais.</p> <p>CE2.6 Identificar os principios de integridade, responsabilidade e confidencialidade a todas as operacións relacionadas coa tesouraría.</p> <p>CE2.7 En casos prácticos de simulación, convenientemente caracterizados, nos que se proporciona documentación administrativa básica de operacións de tesouraría sinxelas e diñeiro simulado:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Clasificar os documentos en función da información proporcionada. -Verificar os cálculos básicos dos importes dos medios e xustificantes de cobro e pago proporcionados. -Elaborar estadillos dos xustificantes de cobro e pago proporcionados calculando o saldo resultante. -Comprobar a correspondencia entre a información proporcionada polos medios de pago e o estadillo elaborado propoñendo, no seu caso, as correccións que procedan. -Actualizar os arquivos convencionais dos documentos proporcionados. -Actualizar e rexistrar a información proporcionada polos documentos propostos utilizando as funcións básicas de aplicacións informáticas de xestión de tesouraría. -Identificar a validez do diñeiro en efectivo. -Utilizar diñeiro simulado en operacións en man realizando os cálculos necesarios de maneira correcta. -Realizar o cadre das operacións propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> -Os medios de cobro e pago: <ul style="list-style-type: none"> -Concepto. -Funcións. -Formas de cobro e pago. -Documentos de cobro e pago en man: <ul style="list-style-type: none"> -O diñeiro. -O cheque: concepto, requisitos, tipos, aval, endoso e imago. -O recibo: concepto e contido. -Transferencia e ingreso en conta: concepto e forma. -Tarxetas de débito. -Documentos de cobro e pago a crédito: <ul style="list-style-type: none"> -A nota promisoría: concepto e requisitos. -A letra de cambio: concepto, requisitos, partes, aval, endoso, falta de pagamento e remesa de efectos. -Tarxetas de crédito. -O libro auxiliar de Caixa: <ul style="list-style-type: none"> -Elementos. -Enchemento en aplicación informática. -Arqueo de Caixa. -Cadre. -O libro auxiliar de Bancos: <ul style="list-style-type: none"> -Elementos. -Enchemento en aplicación informática. -Conciliación bancaria. -Principios de confidencialidade en operacións de tesouraría. -Operacións e medios informáticos de xestión de tesouraría: <ul style="list-style-type: none"> -Banca electrónica. -Moedeiro electrónico. -Pagos por Internet. -Compras por Internet.

MF0969_1 Técnicas administrativas básicas de oficina	
UNIDADE FORMATIVA	UF0519: Xestión auxiliar de documentación económico-administrativa e comercial
Capacidades e Criterios de avaliación	Unidades didácticas
<p>C3: Aplicar procedementos de control de existencias de documentación, material e equipos de oficina e os métodos de rexistro e acceso, e o stock de seguridade establecido.</p> <p>CE3.1 Distinguir as funcións básicas dos inventarios de material e equipos de oficina.</p> <p>CE3.2 Describir os riscos profesionais derivados do control de material diverso de oficina.</p> <p>CE3.3 Describir os procedementos habituais de recepción, rexistro, almacenamento e entrega de documentación, material e equipos de oficina.</p> <p>CE3.4 Explicar os métodos de control de inventarios e aseguramento do stock de seguridade máis habituais.</p> <p>CE3.5 Proceder á entrega e distribución de documentación, material e equipos de oficina.</p> <p>CE3.6 En casos prácticos de simulación, convenientemente caracterizados, nos que se proporciona documentación e información básica sobre operacións sinxelas de xestión de inventarios:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Rexistrar as entradas e saídas en fichas de almacén. -Calcular o volume de existencias. -Inventariar as existencias. 	<p>3. Xestión e control básico de existencias</p> <ul style="list-style-type: none"> -Material e equipos de oficina: <ul style="list-style-type: none"> -Descrición. -Tipos de materiais: funxible e non funxible. -Equipos de oficina máis comúns. -O aprovisionamento de existencias. <ul style="list-style-type: none"> -A función de aprovisionamento. -O almacén. -Tipos de existencias. -Xestión básica de existencias. <ul style="list-style-type: none"> -As fichas de almacén. -As entradas en almacén. -As saídas en almacén. -Criterios de valoración de existencias. -As ordes de reposición. -A folla de cálculo na xestión de almacén. -Control básico das existencias. <ul style="list-style-type: none"> -Ficha de control de existencias: concepto e modelo. -O inventario de existencias: concepto, proceso e estrutura.

MF0970_1 Operacións básicas de comunicación	
UNIDADE FORMATIVA	UF0520: Comunicación nas relacións profesionais
Capacidades e Criterios de Avaluación	Unidades didácticas
<p>C1: Aplicar técnicas de comunicación efectiva, en situacións de relacións profesionais con persoas internas ou externas da organización, seleccionando as pautas de actuación apropiadas en función dos distintos elementos, barreiras, dificultades e alteracións.</p> <p>CE1.1 Diferenciar entre procesos de información e de comunicación, identificando o funcionamento dun proceso de comunicación efectiva e os elementos que interveñen.</p> <p>CE1.2 Explicar en que consiste a escoita activa nun proceso de comunicación efectiva e os seus compoñentes verbais,</p>	<p>1. Procesos e técnicas de comunicación en situacións profesionais de recepción e transmisión de información</p> <ul style="list-style-type: none"> -A comunicación como proceso. <ul style="list-style-type: none"> -Funcións. -Elementos. -Diferenza entre información e comunicación. -Fases da comunicación. -Linguaxes utilizadas para comunicacións. -Clases de comunicación: auditivas, visuais e táctiles. -Selección e organización do contido de mensaxes. -Técnicas de comunicación efectiva.

MF0970_1 Operacións básicas de comunicación	
UNIDADE FORMATIVA	UF0520: Comunicación nas relacións profesionais
Capacidades e Criterios de Avaluación	Unidades didácticas
<p>non verbais e paraverbais.</p> <p>CE1.3 A partir do desenvolvemento de casos debidamente caracterizados de situacións de traballo, nos que se experimentan diferentes formas de distorsión, interferencias, barreiras, dificultades, e outras alteracións na comunicación interpersonal:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identificar en cada caso, as causas específicas que deron lugar aos problemas na comunicación. -Explicar como interactúan nas comunicacións interpersonais, o nivel de tarefa –racional–, co nivel de relación –emocional–, e as principais dificultades que afectan os resultados de traballo. <p>CE1.4 A partir dun caso práctico debidamente caracterizado, no que se observa unha comunicación entre dous interlocutores que utilizan algúns sinais de escoita:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Discriminar os diferentes signos e sinais de escoita na comunicación entre interlocutores. -Definir os compoñentes actitudinais principais para unha escoita empática e efectiva. -Identificar as habilidades para utilizar na escoita efectiva. -Identificar os erros máis comúns que se cometen na escoita efectiva. -Explicar a utilidade e vantaxes da escoita efectiva nas comunicacións interpersonais. <p>CE1.5 A partir da observación dunha situación profesional simulada, na que se pon en práctica as habilidades de escoita efectiva:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identificar os erros máis comúns que se cometen na escoita activa. <p>CE1.6 En diferentes casos de relación interpersonal en contornas de traballo e a través de simulacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Definir estratexias e pautas de actuación para o logro de comunicacións efectivas desde o punto de vista do emisor. -Aplicar pautas de comunicación efectiva en cada caso. -Identificar, unha vez realizada a simulación, os puntos críticos do proceso de comunicación desenvolto, explicando puntos fortes e débiles. 	<ul style="list-style-type: none"> -Factores que inflúen nos comportamentos e sinais de escoita. -Barreiras e dificultades. -Solucións. -Comunicacións eficaces: feedback, escoita empática e activa. -A comunicación e a empresa. -Principios da comunicación. -Formas de comunicación na empresa: interna e externa. -Comunicacións internas: verticais, transversais e formais e informais. -Comunicacións externas: entrada e saída. -Medios empregados nas comunicacións empresariais. -Comunicacións urxentes. -Os fluxos de comunicación: -Diagramas de fluxo. -Información gráfica. -Pautas de comunicación e imaxe corporativa.

MF0970_1 Operacións básicas de comunicación	
UNIDADE FORMATIVA	UF0520: Comunicación nas relacións profesionais
Capacidades e Criterios de Avaluación	Unidades didácticas
<p>–Explicar as posibles consecuencias dunha comunicación non efectiva, nun contexto de traballo dado.</p> <p>–Definir os aspectos de mellora persoal en comunicación interpersoal, concretando prioridades.</p> <p>–Identificar, a través da actuación nas simulacións, os valores éticos persoais e profesionais que se evidenciaron.</p>	
<p>C2: Aplicar pautas de comportamento asertivo en procesos de comunicación en grupos de traballo, utilizándoas en función de diferentes situacións profesionais relacionadas coas actividades de apoio administrativo.</p> <p>CE2.1 Explicar a diferenza entre os estilos de resposta na interacción verbal: asertivo, agresivo e non asertivo, o comportamento verbal e non verbal de cada un e os seus efectos.</p> <p>CE2.2 Explicar en que consiste cada unha das principais técnicas de asertividade: disco raiado, banco de néboa, libre información, aserción negativa, interrogación negativa, autorrevelación, compromiso viable, entre outras.</p> <p>CE2.3 En diferentes casos debidamente caracterizados, nos que se simulan procesos de comunicación interpersoal nas actividades de apoio administrativo, aplicar as pautas verbais e non verbais do comportamento asertivo para:</p> <p>–Expresar opinións, expectativas ou desexos ante unha suposta situación de traballo nun grupo.</p> <p>–Dar respostas negativas ou de rexeitamento a unha demanda ou petición concreta doutro membro.</p> <p>–Realizar peticións ou solicitar aclaracións, información a un membro do suposto grupo de traballo e/ou instrucións ao responsable directo.</p> <p>–Expresar críticas a outros membros dun suposto grupo de traballo relacionadas coa actividade profesional.</p> <p>–Recibir críticas dun suposto membro do grupo de traballo mostrando signos de comportamento positivo.</p> <p>–Defender opinións ante un suposto grupo de traballo que non comparte o punto de vista propio.</p>	<p>2. Pautas de comportamento asertivo en situacións de traballo</p> <p>–Estilos de resposta na interacción verbal:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Asertivo. -Agresivo. -Non asertivo. <p>–O comportamento verbal.</p> <p>–O comportamento non verbal.</p> <p>–Principais técnicas de asertividade: disco raiado, banco de néboa, aserción negativa, interrogación negativa, autorrevelación, libre información, compromiso viable.</p>
<p>C3: Aplicar pautas básicas de actuación para</p>	<p>3. Os conflitos con persoas internas ou</p>

MF0970_1 Operacións básicas de comunicación	
UNIDADE FORMATIVA	UF0520: Comunicación nas relacións profesionais
Capacidades e Criterios de Avaluación	Unidades didácticas
<p>o tratamento de situacións de conflito na actuación profesional, tendo en conta diferentes comportamentos e as súas posibles consecuencias.</p> <p>CE3.1 Definir os conflitos máis habituais que adoitan xurdir en situacións de relacións profesionais con persoas internas ou externas á organización.</p> <p>CE3.2 Identificar as causas máis habituais dos conflitos en contornas de traballo, diferenciando entre os que están referidos ás tarefas das actividades de apoio administrativo –procedementos, obxectivos, responsabilidades ou outros–, ou os referidos ás relacións interpersoais –estilo persoal de relación, problemas da comunicación, actitudes persoais ou outros.</p> <p>CE3.3 Describir as pautas de comportamento verbal e non verbal que poñen de manifesto o control sobre as propias emocións.</p> <p>CE3.4 Xustificar a importancia da actuación persoal no tratamento de situacións de conflito, e as consecuencias en función de diferentes tipos de comportamento.</p> <p>CE3.5 En casos prácticos, a través de simulacións operativas e rol- playing, convenientemente caracterizados nos que se propoñen relacións e roles determinados en situacións de conflito na realización das actividades de apoio administrativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> –Identificar os tipos de conflito e as súas posibles causas. –Propoñer pautas de actuación para o tratamento das situacións de conflito identificadas e as condicións máis adecuadas para intervir, en función da técnica para afrontar conflitos. –Actuar aplicando as pautas definidas: Identificando o momento adecuado para intervir –cando a tensión se rebaixou–, utilizando comportamentos de escoita atenta, expresións de empatía, respecto e tolerancia ante as discrepancias, opinións, argumentacións e actuacións dos demais. –Presentar clara e ordenadamente e, de acordo coas pautas básicas de control emocional, o seu punto de vista, sendo obxectivo e separando en todo momento 	<p>externas da empresa</p> <ul style="list-style-type: none"> –O conflito nas relacións de traballo. <ul style="list-style-type: none"> -Características dos conflitos. -Tipos de conflitos: grupal, individual, normativo económico, pacífico, violento, positivo, negativo. –Tratamento dos conflitos. <ul style="list-style-type: none"> -Identificación do conflito. -Causas e consecuencias dos conflitos. -Conflitos relacionados coa tarefa. -Conflitos relacionados coas relacións interpersoais. -Comportamentos e sinais básicos. -Pautas de actuación persoal como forma de solución: o diálogo. -O conflito como oportunidade de cambio.

MF0970_1 Operacións básicas de comunicación	
UNIDADE FORMATIVA	UF0520: Comunicación nas relacións profesionais
Capacidades e Criterios de Avaluación	Unidades didácticas
<p>a persoa do problema.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Indagar a través de preguntas e con expresións empáticas, posibles alternativas e facer propostas aceptables para a súa solución. -Revisar a propia actuación, identificando fallos, melloras e prioridades. -Identificar, a través da actuación nas simulacións, os valores éticos persoais e profesionais que se evidenciaron. 	

MF0970_1 Operacións básicas de comunicación	
UNIDADE FORMATIVA	UF0521 Comunicación oral e escrita na empresa
Capacidades e Criterios de avaliación	Unidades didácticas
<p>C1: Aplicar técnicas de comunicación escrita na confección e cumprimentado de avisos, rótulos ou outros documentos de información análogos, mediante a utilización de instrumentos de escritura manuais ou electrónicos.</p> <p>CE1.1 Identificar as características da linguaxe e aspectos lingüísticos relevantes na redacción de textos ou mensaxes breves.</p> <p>CE1.2 Precisar as normas ortográficas na redacción de textos breves.</p> <p>CE1.3 Identificar os medios e ferramentas usadas na elaboración de avisos, rótulos ou outros documentos de información – tipo de papel estándar, rotuladores, outros.</p> <p>CE1.4 Distinguir impresos ou formularios de comunicacións –avisos, rótulos, notas internas, ou outros– atendendo ao tipo de información que se desexa transmitir.</p> <p>CE1.5 Diferenciar formatos tipográficos e trazados de letras a representar ou rotular, en función do tamaño e tipoloxía do documento.</p> <p>CE1.6 A partir de supostos, convenientemente caracterizados, nos que se achega información básica:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Redactar textos sinxelos para a súa incorporación en avisos, rótulos, notas e documentos tipo habituais en oficinas e organizacións públicas e privadas, sen faltas de ortografía, léxico adecuado e presentados no formato correcto. <p>CE1.7 Nun suposto práctico de</p>	<p>2. A comunicación escrita</p> <ul style="list-style-type: none"> -A escritura como medio de comunicación. -A mensaxe escrita: concepto. -Características da mensaxe escrita. -Tipos de comunicacións escritas. -Principios na redacción para a eficacia da mensaxe escrita. -Planificación dos textos. -A corrección sintáctica e gramatical. -Os signos de puntuación. -As abreviaturas e siglas. -Equipos e sistemas de comunicación escrita. -Os sistemas de comunicación: concepto. -O computador. -Outras ferramentas de comunicación: fax. -Comunicacións escritas internas de carácter breve. -Concepto. -Tipos de comunicacións internas. -Os avisos: concepto e forma de elaboración. -Os rótulos: tipos de soporte e papeis, instrumentos e técnicas. -Os comunicados de réxime interior: concepto e forma de elaboración. <p>3. Aplicacións e medios informáticos que interveñen na xestión da comunicación empresarial</p> <ul style="list-style-type: none"> -O correo electrónico: -Elementos que o compoñen. -Envío de correos. -Recepción de correos. -Arquivo de correos. -A axenda electrónica:

MF0970_1 Operacións básicas de comunicación	
UNIDADE FORMATIVA	UF0521 Comunicación oral e escrita na empresa
Capacidades e Criterios de avaliación	Unidades didácticas
<p>simulación, convenientemente caracterizado, de diferentes tipos de comunicacións escritas dirixidas a organizacións ou institucións, públicas e/ou privadas, e utilizando os instrumentos de escritura manuais ou electrónicos.</p> <p>–Aplicar as técnicas de comunicación escrita e rotulación en función do tipo de comunicación.</p> <p>–Redactar o texto básico do documento cumprindo as normas ortográficas e sintácticas en linguas propias correctamente.</p> <p>–Seleccionar a tipoloxía de letra e texto que máis se adecúe ao tipo de mensaxe a transmitir, ou documento a rotular.</p> <p>–Adaptar os formatos escritos ao tamaño do documento.</p> <p>–Adaptar a linguaxe utilizada nas comunicacións ao destinatario e ao tipo de mensaxe.</p> <p>–Utilizar as aplicacións informáticas de procesamento de textos ou autoedición con rigorosidade na elaboración das comunicacións escritas propostas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Contactos. -Tarefas. -Notas. -Calendario. –Procesador de texto: <ul style="list-style-type: none"> -Estrutura dun procesador de texto. -Funcións dun procesador de texto. -Xestión de documentos. -Modelos de documentos: fax, memorándum, etc. -Aplicación de formato a documentos. -Edición de documentos. -Impresión de documentos.
<p>C2: Utilizar técnicas básicas de comunicación presencial, transmitindo información operativa e de imaxe corporativa de acordo cos usos e costumes socio-profesionais rutineiros, de organizacións e interlocutores tipo.</p> <p>CE2.1 Identificar o protocolo de comunicación oral e xestual de uso habitual nunha organización para transmitir a información oral.</p> <p>CE2.2 Identificar os parámetros de calidade de servizo nos procedementos de comunicación: empatía, amabilidade, linguaxe comprensible ou outros.</p> <p>CE2.3 Describir a forma e actitude adecuada na transmisión e recepción de información operativa e de imaxe corporativa.</p> <p>CE2.4 Identificar as normas internas de seguridade, rexistro e confidencialidade na comunicación presencial.</p> <p>CE2.5 En supostos prácticos, convenientemente caracterizados, a través de situacións simuladas de transmisión e recepción de información operativa:</p> <ul style="list-style-type: none"> –Identificar con precisión ao interlocutor e o obxecto da comunicación. –Aplicar as técnicas de expresión 	<p>1. A comunicación oral</p> <ul style="list-style-type: none"> –A linguaxe oral. <ul style="list-style-type: none"> -Concepto e características. -Características das mensaxes orais. -Elementos da comunicación oral. -Funcións da comunicación oral. -Clases de comunicación oral: inmediatas, individuais ou colectivas. -Planificación da comunicación oral. -Formas de comunicación oral: entrevista, reunión, debate. –A comunicación non verbal. <ul style="list-style-type: none"> -As mensaxes na comunicación non verbal: voluntarios e involuntarios. -Recursos non verbais na comunicación oral: entoación, xestuais e espaciais. -Aspectos importantes na comunicación non verbal: mirada, postura, xestos. –A comunicación verbal e non verbal na comunicación presencial. <ul style="list-style-type: none"> -Pautas de comportamento e imaxe corporativa. -Normas para conversar. -Regras para escoitar. -Criterios de calidade: empatía, amabilidade. -Tratamento das obxeccións. -As queixas e reclamacións. –A comunicación telefónica.

MF0970_1 Operacións básicas de comunicación	
UNIDADE FORMATIVA	UF0521 Comunicación oral e escrita na empresa
Capacidades e Criterios de avaliación	Unidades didácticas
<p>corporal na acollida con corrección.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identificarse mostrando unha imaxe positiva, aplicando as debidas normas de protocolo e parámetros de calidade de servizo. -Axustar de forma precisa o léxico e expresións utilizadas ao tipo de interlocutor. -Transmitir as mensaxes con claridade e precisión, asegurando a comprensión polo interlocutor. -Transmitir a imaxe corporativa de acordo coas pautas propostas. -Asegurar que a información é transmitida con claridade, de forma estruturada, con precisión, con cortesía, con respecto e sensibilidade. -Distinguir os erros cometidos e propoñer as accións correctivas necesarias. 	<ul style="list-style-type: none"> -O teléfono na actividade empresarial. -Pautas de atención telefónica na empresa: voz, sorriso, silencio, expresión, etc. -Regras para efectuar unha chamada de teléfono. -Pasos para contestar unha chamada de teléfono. -Protocolos de tratamento. -Barreiras e dificultades na transmisión de información. -Tipos de chamadas telefónicas. -Sistemas de comunicación telefónica na empresa. -Procura de información telefónica. -Normas de seguridade, rexistro e confidencialidade na comunicación presencial e telefónica.
<p>C3: Utilizar técnicas básicas de comunicación telefónica e telemática para proporcionar información operativa, aplicando os protocolos e pautas de imaxe corporativa tipo na actuación empresarial.</p> <p>CE3.1 Identificar as técnicas básicas de comunicación telefónica na emisión e recepción de chamadas –sorriso, ton, elocución, linguaxe positiva, outros.</p> <p>CE3.2 Distinguir os elementos necesarios para realizar unha chamada telefónica efectiva nas súas distintas fases: preparación, presentación e realización dunha chamada.</p> <p>CE3.3 Diferenciar os distintos tipos de tratamentos segundo as características dos interlocutores.</p> <p>CE3.4 Diferenciar e manexar as funcións básicas dos equipos de telefonía –fixo, móbil, central, extensións, outros– aplicando normas básicas de uso –tempos de espera, información básica ao descolgar, traspaso de chamada, outras– en situacións simuladas.</p> <p>CE3.5 Identificar as normas internas de seguridade, rexistro e confidencialidade na comunicación telefónica e telemática.</p> <p>CE3.6 En supostos prácticos de simulación, debidamente caracterizados, de comunicacións telefónicas e telemáticas tipo:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Iniciar unha conversación telefónica e telemática. -Proxectar a imaxe corporativa. -Identificarse e identificar os 	<p>1. A comunicación oral</p> <ul style="list-style-type: none"> -A linguaxe oral. -Concepto e características. -Características das mensaxes orais. -Elementos da comunicación oral. -Funcións da comunicación oral. -Clases de comunicación oral: inmediatas, individuais ou colectivas. -Planificación da comunicación oral. -Formas de comunicación oral: entrevista, reunión, debate. -A comunicación non verbal. -As mensaxes na comunicación non verbal: voluntarios e involuntarios. -Recursos non verbais na comunicación oral: entoación, xestuais e espaciais. -Aspectos importantes na comunicación non verbal: mirada, postura, xestos. -A comunicación verbal e non verbal na comunicación presencial. -Pautas de comportamento e imaxe corporativa. -Normas para conversar. -Regras para escoitar. -Criterios de calidade: empatía, amabilidade. -Tratamento das obxeccións. -As queixas e reclamacións. -A comunicación telefónica. -O teléfono na actividade empresarial. -Pautas de atención telefónica na empresa: voz, sorriso, silencio, expresión, etc. -Regras para efectuar unha chamada de teléfono. -Pasos para contestar unha chamada de

MF0970_1 Operacións básicas de comunicación	
UNIDADE FORMATIVA	UF0521 Comunicación oral e escrita na empresa
Capacidades e Criterios de avaliación	Unidades didácticas
<p>interlocutores.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Utilizar tratamentos adecuados en función do tipo de interlocutor. -Solicitar e/ou proporcionar información. -Recoller e/ou transmitir as mensaxes telefónicas con precisión. -Respectar as opinións dos interlocutores, aínda que sexan contrarias ás propias. -Xestionar chamadas de maneira simultánea. -Finalizar unha conversación telefónica aplicando os protocolos propostos. 	<p>teléfono.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Protocolos de tratamento. -Barreiras e dificultades na transmisión de información. -Tipos de chamadas telefónicas. -Sistemas de comunicación telefónica na empresa. -Procura de información telefónica. -Normas de seguridade, rexistro e confidencialidade na comunicación presencial e telefónica. <p>3. Aplicacións e medios informáticos que interveñen na xestión da comunicación empresarial</p> <ul style="list-style-type: none"> -O correo electrónico: -Elementos que o compoñen. -Envío de correos. -Recepción de correos. -Arquivo de correos. -A axenda electrónica: -Contactos. -Tarefas. -Notas. -Calendario. -Procesador de texto: -Estrutura dun procesador de texto. -Funcións dun procesador de texto. -Xestión de documentos. -Modelos de documentos: fax, memorándum, etc. -Aplicación de formato a documentos. -Edición de documentos. -Impresión de documentos.

MF0971_1 Reprodución e arquivo	
UNIDADE FORMATIVA	UF0513 Xestión auxiliar de arquivo en soporte convencional ou informático
Capacidades e Criterios de avaliación	Unidades didácticas
<p>C1: Utilizar as funcións básicas dos sistemas operativos habituais na xestión e procura de cartafoles e arquivos.</p> <p>CE1.1 Identificar as funcións básicas dun sistema operativo nunha contorna de rede.</p> <p>CE1.2 Determinar os principios de organización dos sistemas operativos a través dos diferentes arquivos e cartafoles que o integran, utilizando esquemas en función da súa xerarquía.</p> <p>CE1.3 Diferenciar entre as aplicacións de</p>	<p>1. Sistemas operativos habituais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sistema operativo. - Contorna de traballo. Interface. <ul style="list-style-type: none"> - Partes. - Desprazamento. - Configuración. - Cartafoles, directorios, operacións con eles. <ul style="list-style-type: none"> - Definición. - Creación. - Cambio de nome. - Apertura. - Copiado.

MF0971_1 Reprodución e arquivo	
UNIDADE FORMATIVA	UF0513 Xestión auxiliar de arquivo en soporte convencional ou informático
